



### Tarefas 5 febreiro:

Ola peques, xa rematamos a semana, o último día que temos cole é o ..... Si, mañá é fin de semana e o luns espero vervos a todos. Recordade as cousas do calendario. As tarefas para hoxe son:

- Continuamos coa R, escribimos libremente as dúas palabras e trazamos a R.
- Ficha de grafo-atención: trazamos a mesma figura que hai no principio ao longo de toda a liña.
- Para rematar o conto de A vaca que puxo un ovo, debuxamos unha vaca e poñemos o título do conto na parte do debuxo que vos queirades. Mandádeme foto, que me encantan os vossos debuxos.

